

ANEXO III

PLAMBE

2023/24

PLAN ANUAL DE LECTURA 2023-24

O desenvolvemento de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información, en distintos soportes e formatos, así como o gusto pola lectura, é unha tarefa a levar a cabo por parte de todo o profesorado en todas as áreas, imprescindible para a adquisición dos obxectivos e das competencias básicas do currículo.

OBXECTIVOS

- Fomentar o hábito lector.
- Continuar coa lectura literaria e non literaria na práctica diaria cun tempo de 20 minutos ao día (Hora de Ler)
- Coñecer a biblioteca escolar, a organización dos fondos pola CDU e as distintas seccións en que están distribuídos.
- Coñecer e aplicar as normas de funcionamento da biblioteca escolar.
- Capacitar ao alumnado para o uso autónomo da biblioteca escolar, e por extensión, doutras bibliotecas.
- Conquerir unha lectura segura, fiable e fluída con todo tipo de textos .
- Comprender os textos lidos (ou escoitados) mediante estratexias aplicadas a este fin como: identificar as ideas principais e secundarias, os personaxes, a estrutura do texto, a intención...
- Producir textos coherentes e ben estruturados en soporte impreso e dixital.
- Introducir a biblioteca escolar no desenvolvemento do currículo.
- Desenvolver estratexias para a consulta eficaz das diferentes fontes informativas (enciclopedias, dicionarios, libros informativos, internet...), a selección crítica da información e a construción autónoma do coñecemento.
- Empregar funcionalmente as fontes informativas de forma eficaz, comprensiva e ética.

LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN NA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023-2024

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

En canto á organización e xestión da biblioteca cara o vindeiro curso escolar, no noso colexio pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Seguir coa catalogación a través do programa MEIGA nas dúas bibliotecas e continuar coa expurgación dos fondos bibliográficos existentes na mesma.
- Seguir utilizando con todo o alumnado o programa Meiga de autoempréstito, fomentando así o uso de medios informáticos (lector) e o préstamo de libros de forma autónoma.
- Incrementar os fondos bibliográficos existentes nas dúas bibliotecas e catalogalos.
- Continuar coa recompilación de material para a videoteca, referente ás distintas áreas curriculares e axeitado ás idades do noso alumnado.
- Dar a coñecer a nosa biblioteca a través do blog da mesma e da páxina Web do colexio.
- Incrementar o uso da biblioteca coa súa apertura en horario de actividades extraescolares.
- Aportar contidos a miúdo ao blog da biblioteca para mantelo actualizado.
- Fomentar a comunicación colexio-alumnado a través da rede apoiando así o uso das novas tecnoloxías.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, A SÚA INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

Neste curso pretendemos continuar traballando na mesma liña, iniciando un novo proxecto para o curso 2023-2024: “**BAIO, una ollada pola nosa historia.** Para iso realizaremos actividades semellantes ás feitas ao longo dos cursos pasados (recollidas na memoria) así como outras que poidan xurdir, co fin de potenciar o uso da biblioteca e coñecemento da mesma por parte de toda a comunidade educativa.

Por outra banda, e dado o elevado grao de aceptación e implicación de todos os membros da comunidade, continuaremos desenvolvendo actividades tales como:

- Mochila viaxeira
- Caixas Viaxeira
- Contacontos
- Actuacións musicais
- Encontros con escritores previa lectura dalgunha obra.
- Lectómetro e pasaporte lector
- Servizo de préstamo de libros.
- Apoio á celebración das distintas conmemoracións (Magosto, Samaín, Letras Galegas...) seleccionando e facilitando o uso de libros relacionados coas mesmas.

En definitiva, pretendemos que a biblioteca contribúa ao desenvolvemento das competencias básicas, servindo de apoio ao currículo, como outro lugar de aprendizaxe no que alumn@s e profesor@s teñen ao seu alcance unha gran diversidade de recursos educativos e así poñer en práctica unha metodoloxía máis activa, inclusiva e participativa.

É o lugar idóneo para a formación dos escolares no uso das diversas fontes de información e para fomentar a lectura como medio de entretemento e ocio.

3. FORMACIÓN DOS USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

Considerando que, os usuarios habituais da nosa biblioteca van ser nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 e 12 anos, o noso obxectivo principal é que o noso alumnado teña a maior autonomía posible (variable segundo cada idade) para manexarse na biblioteca, en canto a:

- Busca e utilización dos fondos propios da biblioteca, como están organizados (sinalización de espazos e andeis, clasificación CDU).
- Busca de información sobre as distintas disciplinas utilizando as fontes de información impresa e automatizada (bases de datos).
- Formación no uso das fontes de información.
- Busca de información bibliográfica e documental en Internet.
- Favorecer o acercamento do alumnado á biblioteca escolar e aos libros, potenciando o seu hábito lector, ademais de brindarlle apoio, asesoramento e aprendizaxe no manexo da información en calquera soporte.

4. FOMENTO DA LECTURA E PROXECTO LECTOR DO CENTRO

Todas as actividades propostas desde a biblioteca teñen como finalidade última e prioritaria o fomento da lectura. Con todas elas pretendemos poñer ao alcance de todo o noso alumnado a posibilidade de acceder a libros sen necesidade de mercalos, tratando así de diminuír as diferencias sociais e facilitando a igualdade de oportunidades. Para iso, cada grupo de alumnos ten asignada unha hora semanal na biblioteca así como media hora diaria de lectura, tal como se recolle no decreto 105/2014 que desenvolve o currículo de Educación Primaria e no proxecto lector do noso centro.

5. AVANCES CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

1. Sensibilizar sobre a importancia da educación inclusiva e facilitar o intercambio de coñecementos existentes sobre diferentes necesidades presentes no noso alumando.
2. Difundir experiencias exitosas sobre educación inclusiva para que poidan ser vistas por outros colexios
3. Conseguir a inserción da aula de apoio na dinámica xeral da biblioteca.
4. Colaborar co proxecto de Patios Inclusivos.

6. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS

No próximo curso, ademais de seguir coas actividades de fomento da lectura e dinamización da biblioteca, pretendemos:

- Facilitar ao alumnado o uso dos equipos informáticos da biblioteca amarela para o préstamo de libros, a consulta de información e a elaboración de traballos
- Como centro ABALAR e EDIXGAL fomentar a realización de actividades que impliquen o uso das TICS (fomentando o uso da Aula Virtual do centro).
- Continuar coa dotación de fondos bibliográficos en inglés como apoio a aprendizaxe desta lingua estranxeira.
- Seleccionar fondos axeitados ás idades do noso alumnado.
- Ofertar publicacións axeitadas, recentes e actualizadas.
- Continuar coa subscrición ás revistas Reportero DOC e O Papagaio.
- Organización de concursos de contos, poesía, cómic, ... con diferentes temáticas cada mes.
- Continuar colaborando coa biblioteca municipal e coa biblioteca do IES Maximino Romero de Lema.
- Reunir un equipo de colaboradores/alumnado voluntario para organizar distintas actividades de animación á lectura.
- Programar unha olimpíada cultural.
- Seguir coa elaboración dos itinerarios lectores.

ACTIVIDADES PREVISTAS SEN DATA FIXA

- Visitas de Autores
- Asistencia a sesións de contacontos
- Obradoiros de animación á lectura
- Asistencia a charlas e conferencias

DATA	CONMEMORACIÓN	ACTIVIDADES
OUTUBRO	MES DAS BIBLIOTECAS	-Publicitar a biblioteca escolar co pegado de carteis por todo o centro. -Elaboración do Plan Anual de Lectura
	SAMAÍN E MAGOSTO	- Formación de novos usuarios. -Elaboración de carnets. -Organización e distribución dos colaboradores.
NOVEMBRO	MES DO OUTONO E DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	-Exposición de libros de medo. -Selección de lecturas en contra da violencia de xénero. -Concurso oral de contos de MEDO
DECEMBRO	MES DE NADAL	-Exposición libros do Nadal -Elaboración Guía de Lectura -Lectura de contos con temática navideña dos nenos maiores aos de E. Infantil, 1º,2º -Concurso de contos de Nadal.
XANEIRO	MES DA PAZ E DA DIVERSIDADE	-Exposición libros sobre a Paz -Elaboración dun proxecto documental integrado. -Concurso de lemas sobre a Paz.
FEBREIRO	MES DO AMOR Día de Rosalía	-Concurso de cartas de AMOR. -Lecturas de e sobre Rosalía de Castro -Recitado de poemas -Exposición de libros sobre Rosalía de Castro
MARZO	MES DA POESÍA	-Elaboración dun tren da poesía coa colaboración de todas as aulas.
ABRIL	MES DO LIBRO	- Envío de cartas a diversas personaxes famosas en defensa do apoio á lectura. Concurso de Cómics. -Intercambio de libros
MAIO	MES DAS FAMILIAS	-Actividades colaborativas co ENLG -Exposición temática - Visita de pais a contar un conto, co gallo do Día da Familia. -Concurso de contos.
XUÑO	MES DO MEDIO AMBIENTE	-Guía de lectura para o verán. -Visita dos nenos de 6º á biblioteca do IES.

Ademais do calendario de actividades previstas en relación coa biblioteca e o fomento da lectura é aberto, e poderanse introducir tantas outras actividades ao longo do curso 23-24 que se consideren interesantes para o alumnado.

6. CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES E INSTRUMENTOS QUE SE UTILIZARÁN

O noso centro leva nove cursos gozando do PLAMBE, acondicionando completamente as dúas salas (laranxa-amarela) destinadas á biblioteca, en canto a mobiliario, decoración, equipos informáticos, ...

Por outra banda as actividades levadas a cabo para fomento da lectura, dinamización,... foron acollidas moi positivamente por todo o alumnado e por toda a comunidade educativa.

Polo tanto a avaliación do proxecto foi moi positiva, pero sería conveniente seguir traballando e darlle continuidade ao PLAMBE xa que grazas a iso mellorouse moito a calidade do ensino e facilitouse o acceso ao mundo da literatura do noso alumnado.

7. RESPONSABLE DINAMIZADORA DA BIBLIOTECA

O equipo de profesores/as que continuarán colaborando no desenvolvemento do proxecto de mellora da biblioteca durante o curso 2023-2024 estará formado por:

Yolanda Martínez Cores(coordinadora)

- Sinda Cundíns Caamaño
- Cristina García Seoane
- Xaquín Rama Mato
- M^a Jesús López Añón
- Laura Mosquera Villar
- Marcos L. López Maceiras
- Nerea Pastoriza Amado
- Marta Canto Souto
- Leticia Gómez Navaza
- M^a Carmen Moreira Lavandeira
- Noelia Bértoa Rodríguez
- José Manuel Trillo Leis

A coordinadora contará este curso cunha liberación horaria de tres horas semanais e o resto dos compoñentes unha hora semanal para realizar traballos de biblioteca e para abrila ao alumnado nos recreos. Na actualidade o centro conta con xornada única polo que a biblioteca abre tamén dúas horas diarias pola tarde, catro días á semana, no tempo de actividades extraescolares atendida por profesorado do centro.

Vº e prace

Responsable da Biblioteca

A directora

Asdo: Sinda Cundíns Caamaño

Asdo: Yolanda Martínez Cores

